

Tarefas recomendadas:

-Lectura diaria: tanto en voz alta como para sí mesmos ,de calquera libro que sexa do seu interés. Sería bo que, a medida que van lendo, vos conten de que trata a parte que leron, como pensan que seguirá o capítulo,...

-Escritura de pequenos textos: tanto espontánea como copia ou ditados. Poden aproveitar para escribir un **diario persoal** explicando o que fixeron ao longo do día, o que botan de menos, o que están aprendendo da situación que estamos a vivir,...É importante que non esquezan a estrutura do texto, orde, limpeza, normas ortográficas estudadas,...

-Elaboración dunha receita: aínda que xa xuntamos unhas cantas na clase, se teñen a oportunidade de axudar e elaborar algunha, sería unha boa maneira de repasar as súas partes(ingredientes, elaboración, ilustración,...)

-Rimas-Poemas: a partir dunha palabra dada, procurar facer rimas con ela ou incluso, animarse a escribir un poema

-Traballar co diccionario: poden anotar aquelas palabras ou expresións que escoiten e son novas para eles para buscar logo o seu significado nun diccionario. Sería estupendo que elaborasen unha listaxe para poder compartir cando volvamos.

-Ordenar palabras alfabéticamente.

-Xogar a elaborar distintas listas de palabras nun tempo determinado (verbos, nomes propios, nomes comúns, adxectivos, pronomes, palabras que leven prefixos, palabras compostas, palabras derivadas,...)Podedes pensar vos as palabras ou deixar que eles mesmos as busquen nun libro.

As tarefas que elixan as poden facer en folios ou nalgunha libreta que teñan na casa pero procurade que coiden o seu traballo, que lembren que debe presentarse limpo e ordenado.

Ademáis, o alumnado de 4ºA deberá:

- Repasar o tema 6 de C. Naturais (algúns xa levaron unas fotocopias con exercicios que poden facer agora ou cando volvamos) e o visto do tema 7.
- Repasar o tema 6 de C. Sociais e o visto do tema 7.
- Repasar as conxugacións verbais, tanto en lingua galega como en lingua castelá.

Recordade que todo o sinalado son propostas de traballo para que cada un elixa o que quere , pode ou considera que debe facer.

Busquemos o lado positivo desta situación gozando do tempo en familia que habitualmente nos falta e agora temos. Un saúdo afectuoso e moito ánimo.

